

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 28 - 2019

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# Paremos a precariedade: derrogación das reformas laborais!

O clamor popular nas rúas, o pasado Primeiro de Maio, e os resultados electorais confirman a inaprazábel e urxente necesidade de que se derroguen as reformas laborais. Por iso a CIG convoca para o vindeiro día 6 de xuño asembleas e mobilizacións, en todas as comarcas, para exixir ao próximo Goberno do Estado que atenda estas demandas, porque agora xa non ten razóns nin xustificacións para non anulalas. Cada día que pasa sen que se derroge a reforma laboral amosa un PSOE satisfeito coas políticas antiobreiras do PP.

Levamos anos loitando para recuperar os dereitos arrebatados á clase traballadora galega. Dereitos que foron conquistados tras anos, mesmo décadas, de loita, para poder vivir e traballar dignamente, e que nos foron roubados en cuestión de días.

Durante estes anos, coa escusa da crise, impuxéronse políticas que favoreceron a extensión de baixos salarios, aumentando gravemente a exclusión social e as discriminacións de xénero. Unha situación que se prolongou no tempo consolidando a precariedade e a pobreza laboral.

A negativa do PSOE a derrogar as reformas agrava as consecuencias da combinación explosiva que representa o sistema económico marcado pola UE –expresión da ditadura dos mercados e das grandes empresas– e o modelo de relacións laborais nacido das reformas de 2010 e 2012, que supuxeron un golpe de estado aos dereitos laborais, sociais, da negociación colectiva e do sistema público das pensións.

Vivimos unha situación de auténtica crise, desemprego, emigración, avellentamento da poboación. O desmantela-



mento industrial é o exemplo máis duro das consecuencias destas políticas: Alcoa, Ferroatlántica, Poligal, auxiliares do naval de Ferrol, Citroen, auxiliares do automóbil, centros de chamadas de Bosch e Unitono, Maderas Iglesias, Levantina, DIA, Pili Carrera ou o servizo de recollida de SOGAMA, son algúns exemplos.

Por iso a CIG, como primeira forza sindical, reitera que a mobilización é o único camiño para recuperar os dereitos para avanzar. As solucións non virán por concesión do poder económico e político que nos impón esta dura situación. Tampouco a través do diálogo social practicado por UGT e CCOO, como se ten demostrado ao

longo dos anos e como recentemente fixeron co asinamento do IV Acordo Marco de Negociación Colectiva, que axuda a perpetuar a reforma laboral e o empobrecemento dos salarios.

Só coa loita poderemos forzar un cambio de políticas para que en Galiza teñamos industria, emprego, salarios e pensións dignas. Así o considera o secretario xeral, Paulo Carril, quen clama contra a precariedade e subliña que “son tempos de loita e compromiso, de practicar a solidariedade, de apostar por nos organizar e ter o convencemento de que, coa inmensa forza da mobilización social, faremos andar as rodas da historia”.

## Mobilizacións 6 de xuño

Lugo: Subdelegación do Goberno, 12:30h.

Pontevedra: Subdelegación do Goberno, 12h.

Vilagarcía: Diante do INEM, 12h.

Compostela: Praza de Galiza, 12h.

Vigo: Manifestación desde Os Capuchinos, 12h.

A Coruña: Delegación do Goberno, 12:30h.

Ferrol: Edificio Xunta (Praza Amada García), 12h.

Ourense: Subdelegación do Goberno, 11:30h.

# O rexistro da xornada laboral xa é obrigatorio

## Unha iniciativa da CIG que o PSOE fixo súa pero con recortes

No mes de xuño do ano 2017 a CIG remitiulles a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados/as e do Parlamento galego unha proposición de lei para que o rexistro diario da xornada laboral fose obrigatorio. Poucos días despois o PSOE fixo súa a proposta da nosa central sindical, aínda que introducíndolle algúns recortes.

A precarización das condicións de traballo en materia de xornada, o abuso na contratación a tempo parcial, as horas extraordinarias non remuneradas ou a flexibilidade horaria que permite a actual lexislación laboral deu lugar a numerosos litixios nos que se cuestionou se as empresas están ou non obrigadas a levar un rexistro diario da xornada de traballo.

Para a CIG trátase dunha cuestión transcendente non só por afectar aos medios de proba dos que dispoñen as persoas traballadoras para acreditar a realización de horas extra en caso de discrepancias na súa realización e abono, senón porque incide nas obrigas de cotización en materia de Seguridade Social, con importantes consecuencias tanto para os dereitos dos traballadores/as como para as arcas públicas.

Foi por iso que en xuño de 2017 a CIG remitiulles a todos os grupos do Congreso dos Deputados/as e do Parlamento de Galiza unha proposición de lei para que o rexistro de xornada fose obrigatorio. Días despois, a deputada do PSOE por Ourense (inspectora de traballo en excedencia) presentou unha iniciativa nos mesmos termos, aínda que recortando a proposta da CIG.

A entrada en vigor o pasado 12 de maio do Decreto-Lei 8/2019 no que se aproba a obriga do rexistro diario da xornada, chega tarde e é insuficiente. Tarde porque neste tempo fixéronse milleiros de horas extras que se realizaron sen control algún. Horas que son unha fraude á Seguridade Social, porque as empresas non llas pagan ao seu persoal, nin cotizan por elas. É tamén unha fraude para os traballadores/as, xa que ademais de non cobralas ven imposibilitada a conciliación da súa vida laboral e persoal.



No sector bancario, en servizos, no comercio, en grandes superficies ou en supermercados, entre outros, o persoal sofre unha desregulación horaria ou extensión ilegal da xornada máis propia do século XIX.

As horas extraordinarias non retribuídas supoñen que a clase traballadora lle entrega gratis ao capital a súa forza de traballo. As empresas melloran desta maneira a súa conta de resultados, pero sen que acrediten máis competitividade ou unha xestión máis eficiente. Este novo capitalismo parasitario, incapaz de xerar riqueza e crecemento económico, e que está instalado na confiscación da renda e da riqueza da clase traballadora.

### Unha lei insuficiente

Para a CIG, a que se vén de aprobar é unha lei insuficiente porque deixa para a negociación colectiva, empresarial ou de sector as formulas de implementación do rexistro de

xornada en atención ás necesidades, características e circunstancias organizativas de cada actividade. Isto sucede nunha situación de parálise dun bo número de convenios de sector en Galiza, onde a maioría das empresas son pequenas e carecen de representación sindical. Tamén o é porque non regula de forma clara a xestión dos descansos entre xornada, ademais de non obrigar a empresa a dar copia por escrito aos representantes dos traballadores/as.

En consecuencia, contar cunha representación sindical forte será imprescindible para poder acabar co abuso nas horas extraordinarias e nas horas de traballo non retribuído, polo que a presenza da CIG nas empresas faise máis necesaria ca nunca para garantir o control da xornada non só das persoas traballadoras da compañía principal, senón tamén das subcontratas e das ETT, cuxos cadros de persoal sofren a explotación laboral de forma máis dura.



# Unha CIG máis forte para combater a represión sindical e os recortes na xustiza

Un ano despois da histórica folga que paralizou a Administración de xustiza de Galiza, aínda hai traballadores e traballadoras que están sufrindo represión polo seu labor sindical. Este é o caso da compañeira Chelo Rodríguez, delegada da CIG, e do compañeiro Javier Fernández, pendentos dun xuízo penal e dun expediente disciplinario por defender os dereitos do persoal. A CIG leva meses mobilizándose en apoio a Chelo e Javier e para esixir o arquivo de ambos procedementos porque defender os dereitos non é delito.

Estes procesos hainos que enmarcar na campaña de represión contra as organizacións sindicais máis reivindicativas que actuaron con coherencia e non avalaron o mal acordo que, a día de hoxe, non resolveu ningunha das reivindicacións que xeraron o conflito. O secretario nacional do sector de Xustiza da CIG, Xesús H. Sánchez, lembra que SPJ-USO, UGT, CCOO e CSIF pactaron con Alfonso Rueda o fin da folga "despois de negociar ás agachadas das outras forzas sindicais e



sen consultar con quen estaba a deixar o seu soldo nesta loita".

Pero ademais, sen explicar o contido do documento, pretenderon darlle unha lexitimidade que non tiña, forzando unha consulta entre o persoal, que claramente votou en contra do acordo. E malia o resultado, "asináronllo igual. Así é como estas organizacións entenden o sindicalismo e a democracia". De non ser por esta traizón, subliña Sánchez, "teríamos logrado un mellor acordo grazas á forza acumulada tras meses de folga. Pero para levar adiante a súa manobra, Rueda sabía ben con quen contaba".

Lembra que a diferenza doutros sindicatos, os/as representantes da CIG deixaron o pelexo na loita, "o que nos

custou non só a apertura dun expediente disciplinario, senón mesmo un proceso xudicial". Tampouco ante este feito gravísimo estes sindicatos foron quen de estar ao lado das compañeiras e compañeiros represaliados, porque "a quen non se molla e non dá a cara polos traballadores e as traballadoras nunca lle pasará tal cousa".

Fronte ao entreguismo e á covardía, é preciso un sindicalismo forte capaz de plantarlle cara aos ataques da Consellaría de Xustiza e pelexar pola mellora dos dereitos laborais e salariais e por uns servizos públicos de calidade. E hoxe, só a CIG, coa coherencia e a lexitimidade da súa actuación durante e despois da folga, está en disposición de representar este modelo sindical.

## En loita contra a sobrecarga de traballo en Citroën

O persoal de Citroën en Vigo decidiu rebelarse a comezos de maio contra a sobrecarga de traballo na cadea de montaxe, sobre todo na liña 2, unha problemática con consecuencias físicas e mentais para os traballadores/as, cun aumento do absentismo e das doenzas laborais. Os secretarios das seccións sindicais da CIG, CCOO e UGT iniciaron as mobilizacións cun peche na empresa para reclamar medidas que rematasen cunha situación que viñan denunciando dende hai tempo.

Paralelamente, chamaron a participar nas concentracións diarias ao inicio e ao remate de cada unha das tres quendas. Mais a falta de resposta da dirección obrigou a adoptar medidas máis contundentes, optando por abandonar o peche e convocando unha

xornada de paros de dúas horas por quenda que tivo un seguimento maioritario e que paralizou a cadea de montaxe. Unha semana despois ampliáronse a catro horas, cun amplísimo seguimento e paralizando de novo a produción. Ademais, centos de traballadores/as percorreron os arredores de Citroën ao berro de "montaxe solución".

Ante o éxito das dúas folgas parciais, a dirección move ficha e convoca as centrais a unha negociación que ao principio non avanzou pola negativa da empresa a adoptar as medidas necesarias para rematar co exceso de traballo. Mais tras longas conversas coa mediación do AGA as partes déronlle o visto bo á proposta da autoridade laboral na que se contempla a creación de catro postos no sistema 2, ademais de

implementar dous reforzos temporais da actividade en cada quenda até que se apliquen as medidas pactadas para aliviar a sobrecarga de traballo. Tamén se recuperará un posto novo de traballo na liña en cada quenda e se internalizarán temporalmente as actividades auxiliares de montaxe.

A proposta de mediación establece que no prazo dun mes se analizará o impacto destas medidas, mentres que unha comisión creada ao efecto fará un seguimento semanal da súa implantación. No mes de xullo as partes volverán a manter un encontro no Consello Galego de Relacións Laborais para comprobar se a aplicación das medidas permitiu solucionar a problemática da cadea de montaxe, xa que do contrario optarán por retomar o conflito.

# Por unha enerxía ao servizo do pobo galego

A recollida de sinaturas para levar ao Parlamento a ILP de “Medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos no territorio de Galiza”, impulsada pola CIG, entra na fase final. O prazo para a súa presentación remata no mes de xullo e a central sindical anima a asinela para reclamar que a Xunta de Galiza recupere as concesións dos saltos e centrais hidroeléctricas, nas conca nas que ten competencias, para fins de utilidade pública e interese social e que pase a ser xestionado directamente, ou a través de empresas mixtas, o aproveitamento público destes recursos.

O sector enerxético é estratéxico para Galiza. Temos 166 centrais hidráulicas: 121 das chamadas mini hidráulicas, de menor potencia, e outras 45 que son gran hidráulica, cunha produción, nun ano normal, de aproximadamente un 20% da total no conxunto do Estado e unha potencia instalada de 3.700 megavatios, que nos sitúa á cabeza.

Somos pois subministradores de enerxía eléctrica para o resto do Estado e malia os custos sociais e ambientais do seu espolio, os nosos recursos non están ao servizo nin do pobo galego, nin do desenvolvemento industrial. Por iso a CIG defende a necesidade de pór en marcha iniciativas reais para garantir que sexa un auténtico servizo público que reverta no desenvolvemento económico e industrial do noso país, permita a creación de postos de traballo e combata a pobreza enerxética.

A central sindical lembra que as concesións hidráulicas son públicas e teñen que ter un final no que, segundo di a Lei de Augas, “as instalacións teñen que estar en perfecto estado de uso para que as xestione a administración pública, ben directamente, a través dunha empresa pública galega de electricidade, que



sería o noso obxectivo, ou a través da administración, con empresas mistas. Pero en calquera caso xestionadas pola administración pública galega”.

## Concesións desde o século XIX

Hai centrais hidráulicas cuxa concesión data do século XIX e que aínda hoxe seguen en mans privadas, logo de sufrir varias renovacións de concesións neste tempo. É o caso da concesión da central hidráulica de Fecha, no río Tambre, en Trazo, que foi concedida en 1895, s. XIX, e que vencía en 2017, pero foi ampliada en 2016 a través do subterfuxio de ampliación de potencia. Subterfuxio ao que “recorren as empresas eléctricas cando ven que lles vai rematar a concesión” e que consiste en “solicitar unha ampliación de potencia ou de caudal” para ir enlazando progresivamente os anos de concesións.

Por iso a CIG defende, a través desta ILP, revertir á xestión pública os saltos e aproveitamentos hidráulicos; a revisión de todas e cada unha das concesións galegas, para ver se están cumprindo as cláusulas establecidas nas mesmas e que, 3 anos antes de que remate unha concesión, a

administración inicie xa os trámites administrativos previos para a súa reversión, evitando que regrese ao negocio privado.

O constante incremento dos prezos da electricidade “demostra que o actual marco regulatorio e tarifario común está sometido aos desexos das empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio”. Así o considera o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, quen denuncia que isto “coloca na incerteza o futuro de moitos postos de traballo, provoca o aumento de familias que non poden pagar as facturas da enerxía e impide un desenvolvemento industrial en Galiza que cree postos de traballo e free a sangría da emigración”.

O plan de peche de Alcoa para a fábrica da Coruña é para a CIG “unha das máis claras, dramáticas e actuais manifestacións” desta situación. Está en risco unha factoría con preto de 400 postos de traballo, nun sector estratéxico como o do Aluminio. Máis tamén Ferroatlántica (que teima en especular coas centrais hidroeléctricas que explota) ten formulados ERTes e pende a ameaza sobre o complexo industrial de Alcoa San Cibrao.

Unha situación que revela a urxente e inaprazábel necesidade de contarmos cunha regulación máis xusta e equitativa, que pasa pola aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo que rache coa incerteza que provoca a poxa do actual sistema de interrompibilidade e que compromete o futuro e a viabilidade da nosa industria de base.

## Rescate dos saltos hidráulicos

Por iso a central sindical propón a creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, baixo o cumprimento dunha serie de requisitos, que recoñeza o estatus específico deste tipo de industrias grandes consumidoras de enerxía.